

PARA UN RETRATO DE BASILIO LOSADA:

CINCO RETRINCOS

Xesús Alonso Montero

Real Academia Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Voces moi queridas pídenme unha colaboración para un volume de homenaxe a Basilio Losada, que se xubila, neste curso, como catedrático de Filoloxía Galega da Universidade de Barcelona. Acudo á cita honrado e gozoso. Helena González —unha das voces amigas— suxire que eu colabore cunha semblanza do homenaxeado, suxestión que agradecín no seu día non sei se coa debida efusión. Por sermos da mesma carreira, da mesma profesión e case da mesma quinta, os organizadores pensaron —creo— que eu era a persoa axeitada —ou unha delas— para face-lo retrato do profesor Losada.

Empeceino de contado pero axiña o lenzo no que trazaba os riscos do profesor pareceume pequeno, porque, ó debuxa-lo perfil do docente, do doutor Basilio Losada, a miña man de retratista non se podía substraer a outras facetas do seu vivir e do seu obrar, facetas sen as cales non se explica a súa condición de profesor, de gran profesor, que é a que hoxe nos convoca aquí a amigos, discípulos e admiradores. Rachei o lenzo, escollín outro moito máis grande, amplo dabondo para que puidese acoller, de corpo enteiro, a Basilio Losada, as súas dimensións máis significativas: o profesor, o viaxeiro, o conferenciante, o gastrónomo, o lector esencial e voraz de poesía, o traductor, o namorado, o entendido en Arte, o fabulador, o portuguesófilo, o contertulio, o prologador de voces novas, o amigo dos bos amigos e case dos malos amigos, o antólogo de poetas, o epistológrafo de misivas breves, o reseñista de libros, o embaixador de Galicia na República Literaria de Cataluña, o emigrante, o trovador clandestino, o novelista serodio e aínda máis.

Pero, para tanta riqueza, para tanta fartura, o novo lenzo, tan grande, era pequeno. Chamei a Barcelona, implorante, e comunicáronme, as voces amigas, que ninguén, no volume de homenaxe, disporía do privilexio de cen páxinas, e que eu, como comunista, debería entendelo ben. Aceptados os razoables límites impostos, ofrezco, nestes cinco apuntes, unha visión parcial, moi parcial, «da vida e da obra» de Basilio Losada Castro: da vida e da obra do vello amigo, do admirado colega. Eu, nestes retrincos, farei algunhas referencias á nosa relación, que se iniciou no ano 1963.

1. Da mesma xente

Basilio ten falado cen veces da súa pequena localidade natal, da Pobra de San Xiao, na provincia de Lugo. Do medio rural, de familia pobre, feitos moi vencellados á Guerra Civil fixérono emigrar a terras doutra lingua, máis prósperas mesmo para os que nesas terras –a inmensa maioría– non eran prósperos. Alá se foi o Basilio, galego falante, de cosmovisión rural e cos soños económicos propios dos nenos despertos da súa clase social, a Barcelona. Sesenta anos despois, utiliza nunha cátedra universitaria de Cataluña a lingua dos pobres da súa comarca natal (o idioma da súa nación sociolóxica), escoita ópera en discos perfectos, posúe unha fermosa e rica biblioteca e non esquece, nunca, a súa clase social.

Basilio, na Barcelona dos primeiros anos da posguerra, fai o que fan algúns rapaces pobres que queren fuxir da miseria e están fascinados, asemade, polas palabras do universo cultural: traballa de día (para axudar na casa) e estudia de noite. Algunha vez xentes da súa comarca contribuíron cos seus aforriños para que o rapaz continuase os estudos. Aporte económico case irrelevante, era, sobre todo, unha homenaxe dos seus á intelixencia, á aplicación e á rexa vontade do rapaz.

O Basilio, pese ós anos de precariedade no seo da súa familia, non estudia para rico. Non estudia para banqueiro, nin para constructor de vías férreas, nin para avogado de altas minutas; estudia Letras, estudia para entende-las palabras que teñen conmovido o espírito das xentes. O Basilio, que detestaba a miseria, quería esta riqueza aínda que non houbese outras. De paso, aqueles libros, aqueles saberes que tanto comprometían o seu ánimo, algo lle explicaban da súa situación de neno pobre emigrante e de rapaz que aprendeu a falar e a cantar nun idioma socialmente problemático. Anos despois, o profesor Basilio Losada sería un experto en diglosia e un militante contra ela.

Eu, que son do seu tempo, que pasei parte da nenez nun «país» moi semellante, que veño da mesma nación sociolóxica, entendo ben os proxectos, as inquiredanzas e os esforzos de Basilio Losada. Hai razóns para admiralo naqueles duros anos.

2. Ramón Piñeiro e a Xeración do Cincuenta

Os homes de Letras que hoxe andamos arredor dos setenta anos, somos fillos, dun xeito ou doutro, de Ramón Piñeiro. Repare o lector, cando menos, nestes nomes: Isidoro Millán, Manuel Vidán Torreira, Rodolfo López Veiga, Daniel Cortezón, Antonio Concheiro Caamaño, Xosé Fernández Ferreiro, Ramón LUGRÍS, Baldomero Cores, Amable Veiga, Uxío Novoneyra, Ánxel Rodríguez de Tal, Manuel María, Xosé Luís Allué Andrade, Carlos Baliñas e Camilo Gonsar. Case todos foron catecúmenos arre-

dor da mesa camilla de Piñeiro, mesmo aqueles que hoxe non gustan dun maxisterio sen o cal non se explica –e, quizais, non existiría– o segundo Rexurdimento cultural (e político) de Galicia. Non todos asistimos ás «clases» da mesa camilla; algúns, como Basilio Losada e mais eu, recibimos, desde moi pronto, as cartas, as prodixiosas cartas de Ramón Piñeiro, suxestivas todas, incluso as que eran informativas ou protocolarias. Con frecuencia Basilio, cando de Piñeiro se trata, confesa posuír, case en arquiña de ouro, máis dun cento de cartas a el dirixidas.

Piñeiro, como referencia –ás veces, a gran referencia– está moi presente nos anos de concienciación e aprendizaxe dos homes de Letras (e algunha muller xa) que están próximos ós setenta anos: Xohana Torres, Salvador García Bodaño, Xosé Manuel López Nogueira, Bernardino Graña, Gonzalo Rodríguez Mourullo, Ramón Lorenzo, Xosé Manuel Beiras, Ángel Losada, Xosé Luís Franco Grande, Xosé Luís Méndez Ferrín... Se algúns destes e daqueles nomes foron, anos despois, antipiñeiristas, está claro que chegaron a algunha forma de compromiso serio coa galegitude no seu contacto con Ramón Piñeiro, nome sen o cal resulta imposible entende-la restauración cultural (e política) galega dos Cincuenta. O tema ben merecería un demorado estudio.

A Basilio vano marca-las cartas de Ramón Piñeiro. Basilio entra de cheo na «causa galega» da man de Ramón Piñeiro, aquela voz convencida e convincente. Non tardará Basilio en ser unha voz máis progresista, incluso unha voz non allea a certo marxismo, sobre todo ó de Gramsci, tan da Cataluña dos Sesenta (lémbrese a Manuel Sacristán e Jordi Solé Tura). Basilio, como algúns outros educados na mesa camilla, non tardará en situarse á esquerda –unha esquerda non moi extrema–, pero Basilio, como tódolos demais, é fillo de seu pai, un pai –nobreza obriga– que nunca nega nin do que non renega. Algúns, non menos engelsianos que Basilio Losada, sen deixar de sermos críticos, lembramos sempre con gratitude e con emoción a casa do pai.

3. Centenario rosaliano

Encontráronse as nosas vidas –a de Basilio e a miña– en decembro de 1963, co gallo da mostra bibliográfica Cen Anos de Literatura Galega, organizada e montada por Epifanio Ramos de Castro e por min no Círculo das Artes de Lugo. Nesa mostra figuraban dous textos de Basilio: a conferencia *El renacimiento de la lírica en Galicia. Rosalía de Castro* (novembro de 1963) e a tradución galega –do catalán– dunha carta de poboamento de Lleida, publicada nun boletín leridano en 1963 (*vid.* as fichas 69 e 1617 do catálogo *Cen anos de Literatura galega*, Lugo, 1964). A conferencia, impartida en Barcelona nun curso para profesores de Preuniversitario, inicia un tema, o de Rosalía, omnipresente na actividade de Basilio (estudios, conferencias, traducións...); en canto á breve tradución de 1963, constitúe unha das pezas iniciais da súa prolífica e importantísima vida de traductor: traductor do catalán, do alemán, do portugués de

Portugal, do portugués brasileiro... Os que non len no orixinal os distintos portugueses do Brasil débennle a Basilio páxinas memorables da narrativa mundial do século XX.

Neste ano, o 1963 –centenario de *Cantares gallegos*–, as autoridades franquistas –concretamente, as fraguistas– consenten a publicación de *Grial*, agora como revista e non como colección de números monográficos, que fora prohibida en 1951. Non sei se neste volume de homenaxe alguén se ocupará das colaboracións de Basilio nesta revista, que foi, sobre todo nos primeiros anos (1963-1970), unha das importantes actividades intelectuais do noso colega. Abundan as recensións de libros, algunhas das cales son verdadeiros pequenos tratados sobre a materia, coma o dedicado ó «novo ensaísmo galego», o exercido nesa ocasión por Domingo García-Sabell e Celestino Fernández de la Vega. Con esta recensión estréase como ensaísta Basilio Losada. Foi no número 1 da revista, correspondente ó terceiro trimestre de 1963. Os lectores de Basilio, nos números seguintes, non quedaríamos defraudados. Aínda non se me esvaeu a impresión que me causou a lectura, no número 3, do traballo «Tradición e novidade no teatro alemán de Posguerra», estudio no que despois de situarnos «na desfeita do nazismo», caracteriza o labor teatral de dramaturgos como Bertolt Brecht e escenógrafos como Piscator. Basilio Losada, o Basilio Losada que, neste artigo, aclaraba que Brecht «tirara polo camiño do marxismo», era, naquelas datas, a extrema esquerda da Editorial Galaxia.

Por se fose pouco, Basilio posúe saberes nos que moitos de nós eramos leigos ou case leigos. Léase, aínda hoxe, o seu ensaio «Le Corbusier e o neobarroco arquitectónico» (11, 1966). O que predominou, no seu labor de *Grial*, foron as reseñas de libros, reseñas nas que a Basilio –home de corazón xeneroso– váiselle un pouco a man polos camiños da hipérbole. Eu mesmo fun beneficiario desta súa condición cando reseñou, en 1968, o resumo da miña tese de doutoramento *Lengua y estilo de Curros Enríquez en su poesía gallega*. Todos sabemos que, se fai falta, Basilio Losada é un chisquiño máis amigo de Platón ca da verdade.

4. Para unha opera omnia das súas fábulas

Está claro que eu agradecería un volume, debidamente prologado, coas súas mellores páxinas de *Grial*, que sería un volume non moi pequeno ateigado, no seu tempo, de orixinalidade. Tamén propoño que alguén recolla os seus prólogos, aínda os máis laudatorios, prólogos nos que, ás veces, Basilio descobre unha voz interesante da nosa lírica ou da nosa narrativa. O prologuista deste libro de prólogos tería que ser un pouco crítico coa evidente condición «platónica» de Basilio Losada como crítico literario.

Pero hai un libro que eu agardo desde hai anos, un libro que teríamos que editar un grupo de amigos non alleos ás artes da filoloxía oral, entre eles, Carlos Casa-

res. Trátase dos relatos autobiográficos cos que Basilio ten engaiolado ós de Laíño e ós de Lestrove en tertulias, sobremesas, viaxes, tabernas e congresos literarios. Pertence Basilio a unha «raza» que ten producido en Galicia grandes fabuladores orais, algúns tan excelsos como Pedro Martul e Luís Soto, moi superiores, nas súas creacións, á fabulatoria oral de Álvaro Cunqueiro. Un texto xenial deste tipo de discursos é o relato de Martul no que conta o seu encontro –e o de Castelao– con Stalin na Moscova de 1938, no mesmo Kremlin. Basilio, *primus inter pares*, é autor de relatos antolóxicos. Pero, para recollelos con fidelidade, os editores terían que traballar en equipo e con criterios moi rigorosos, pois xa circulan, polos mentideiros e cenáculos do país, versións non moi fiables, coma as que conta Carlos Casares cando o autor –e protagonista– non está diante. Os interesados nesta edición de textos –ponla ilustre da Ecdótica oral– teñen nos retrincos autobiográficos de Basilio un corpus textual tan apaixonante coma o dos romances vellos oídos e editados por Menéndez Pidal hai cen anos. Este tipo de oratoria «autobiográfica», cando está firmada por creadores da riqueza de Luís Soto, Pedro Martul e Basilio Losada, constitúe un capítulo extraordinariamente valioso do noso discurso literario. Chegou a hora de que os historiadores da nosa literatura acollan, nos seus estudos, certos xéneros non canónicos.

De tódolos xeitos, os estudiosos do «caso Basilio» han ter, como xa dixemos, moito coidado coas versións contaminadas, sobre todo nos relatos en que o narrador afirma que a súa maior preocupación é a teolóxica, disciplina na que se está doutorando –precisa– nun centro de estudos europeos que non é católico nin dogmático. O problema –polo menos para min– é que neses relatos hai sutilezas que parecen, ademais de teolóxicas, certas.

En calquera caso, fago votos, verbo da fabulatoria autobiográfica de Basilio Losada, pola *opera omnia* que aquí se propón.

5. Embaixador

As relacións entre as Letras catalanas e as galegas, desde 1960, atoparon en Basilio Losada unha persoa decisiva, nos primeiros anos, única ou case única. Na Universidade, no Centro Galego ou onde fose alí estaba Basilio coma organizador ou presentador ou suscitador dun acto no que se mesturaban nomes coma os de Celso Emilio Ferreiro, Salvador Espriu, Isaac Díaz Pardo, Ricard Salvat, Luís Seoane, Solé Barberá, Manuel María, Francesc Vallverdú, Arcadio-López Casanova... Ás veces, non poucas, tratábase de actos semiclandestinos organizados ou suxeridos por Basilio desde o anonimato da cautela. Ademais de fío de unión antifranquista entre Galicia e Cataluña, Basilio Losada foi na Barcelona deses anos o gran definidor e presentador dos importantes nomes da literatura galega, intervencións literarias non exentas, moitas veces, de semiformulacións políticas. Se hai alguén que mereza o título de embaixador das Letras galegas en Cataluña neses anos, tan difíciles, ninguén,

nin de lonxe, llo pode disputar a Basilio Losada. Só esta faceta esixe, como mínimo, una memoria de licenciatura, que empezou a facer, por certo, a miña ex-alumna Mercedes Pacheco. Non sei se a concluírá porque o protagonista, Basilio Losada, non é moi xeneroso con ela á hora de proporcionarlle datos e certos papeis (programas, reseñas...). Basilio non está moi preocupado pola súa biografía de erudito, de estudioso do feito literario e de embaixador das nosas Letras en Cataluña. Cando os amigos llo reprochamos, el responde indefectiblemente: «A miña obra é a miña vida». Os amigos sabemos ben a qué se refire, pero os seus mellores amigos tamén sabemos que Basilio Losada é vida e obra. Teño a esperanza de que co gallo dos seus primeiros setenta anos amigos e discípulos nos ofrezan algunhas pezas da obra, do discurso intelectual de Basilio Losada: polo menos, o libro dos prólogos e un volume cunha escolma das páxinas publicadas na revista *Grial*. En canto ó pentateuco das fabulacións, trátase de tarefa que vai para longo.

Todos sabemos que Basilio é un lector extenso e intenso de poetas, labor, hoxe, só interrompida, de vez en cando, polas lecturas teolóxicas (se facemos caso ó fabulador). Froito deste diálogo coas páxinas dos poetas son algunhas antoloxías bilingües da nosa poesía, antoloxías que engaden un loureiro máis á súa condición de embaixador das nosas Letras. Alguén debería estudar, na biografía intelectual de Basilio Losada, este capítulo, o de antólogo da poesía galega, e pronunciarse sobre as características, a oportunidade e a eficacia, no seu día, destas antoloxías. Porque hai que loitar contra a lenda –inventada e espallada polo propio Basilio– de que a súa obra é a súa vida. Nós comparecemos aquí –neste volume de homenaxe– convocados pola importancia da súa obra. Convócanos o profesor, o erudito, o conferenciante, o ensaísta, o traductor, o antólogo, o embaixador literario... Sabio en varios saberes, tamén soubo construír, en circunstancias non adversas, unha vida próxima á felicidade, unha vida na que cantan, nos momentos importantes, as aves do amor.

Vigo, catorce de abril do 2000